



ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO CEESG 2010

A Asemblea Xeral Ordinaria do Ceesg do 2010 foi celebrada o pasado 26 de marzo na sala de usos múltiples da sede do Colexio. Os asuntos abordados, tal e como se recolleu na orde do día, foron os seguintes:

1. *Aprobación da acta anterior.*
2. *Presentación das memorias técnicas e económicas de 2009.*
3. *Aprobación dos Plans de Traballo 2010.*
4. *Aprobación do Orzamento 2010.*
5. *Flexibilización de prazos en solicitudes de bonificación de cotas.*
6. *Influencia da Lei Ómnibus na Educación Social e no Ceesg.*
7. *Propostas e preguntas.*

O encontro destacou polo alto grao de participación de todas as persoas que asistimos, un total de 19 colexiadas e colexiados. A continuación expoñemos un pequeno resumo do acontecido.

A acta da Asemblea Xeral 2009 deuse por aprobada por todas as persoas presentes, así como tamén as Memorias técnicas e económicas do 2009 e os Plans de Traballo e Orzamento para 2010. Estes documentos foron presentados baseándose nun arquivo en formato PowerPoint que pode ser consultado na web do Ceesg.

A flexibilización de prazos en solicitudes de bonificación de cotas tamén foi aprobada por todas e todos os presentes. Deste xeito, a partir de agora, para solicitar bonificación de cotas semestrais de mantemento colexial, establecerase un prazo determinado que se indicará debidamente antes de cada cobro. Se a solicitude fose enviada fóra de prazo, a persoa colexiada deberá devolver o recibo do cobro non bonificado e enviar un escrito explicativo acompañado da documentación pertinente para a bonificación, axuntando ademais resguardo de ingreso da cota bonificada, máis a comisión bancaria que se lle xerara ao Ceesg pola devolución inicial.

O punto "Influencia da Lei Omnibus na Educación social e no Ceesg" era informativo, polo que non requiriu votación. Explicáronse as consecuencias da aplicación desta lei, así como as accións levadas a cabo ata agora para adaptarnos a ela, desde o Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales (CGCEES) e desde o Ceesg. Todas as persoas presentes na asemblea se interesaron moito por este asunto, amosando certa preocupación e aportando as súas propostas, que serán valoradas. Entre as accións levadas a cabo ata agora, atópase a cumprimentación dun cuestionario remitido dende o CGCEES, a instancias do Ministerio de Economía e Facenda, sobre reserva de actividade e colexiación obrigatoria. As achegas feitas durante o debate arredor deste tema foron diversas, como desenvolver actividades de mobilización das persoas colexiadas, para exercer un maior grao de presión; facer unha mesa informativa sobre este tema; convocar unha rolda de prensa; colaborar con outros colexios profesionais; etc. Podedes atopar información sobre este tema na web do Ceesg (sección Avisos)

Durante o desenvolvemento da asemblea, as persoas asistentes foron manifestando preguntas, propostas e suxestións sobre diferentes temas do seu interese, entre outros:

- Situación das negociacións en relación ao **Convenio**

Único da Xunta de Galicia. Sinalaron como propostas: presentar unha denuncia ante o Valedor do Pobo, facer presión aos sindicatos como afiliados/as, idear novas estratexias de mobilización para visibilizar a demanda, recoller sinaturas...

- Consulta sobre a decisión que levou a definir un **Posgra de Educación Social e ámbito escolar**, polo que o Ceesg aposta como unha vía para poder desenvolver unha experiencia piloto de contratación de educadoras/es sociais nos centros de ensino.
- Consulta sobre o movemento en contra das **habilitacións profesionais** e o posicionamento do Ceesg respecto dos criterios de habilitación. Quedouse en colgar na web o documento elaborado polo CGCEES sobre o seu posicionamento (xa dispoñible).
- Proposta de actuación para a Área de Acción Profesional: definir as **funcións da Educación Social en relación a outros perfís como Técnico/a de integración social** e similares.
- Denuncia da falta de presenza do perfil de educador/a social na **Formación Ocupacional** e proposta de elaborar un escrito que enviar aos órganos competentes, quedando emprazada a colexiada a colaborar coa Área de acción profesional.
- Consulta sobre as actuacións realizadas en relación ao **Plan Concertado**, publicado recentemente, no que non se contempla expresamente a educadoras/es sociais, e no que as contías de titulado/a medio son inferiores ás de traballadoras/es sociais, sendo as dúas diplomaturas. A colexiada insta a que se elabore un escrito á Consellería de Traballo e Benestar sobre o posicionamento do Ceesg, e quedou emprazada a colaborar coa Área de acción profesional nesta actuación.
- Consulta sobre o **curso ponte do Título de Grao** en Educación Social. Dende o Ceesg solicitouse unha homologación directa das persoas que demostren un número determinado de anos de experiencia como educadoras/es sociais. Pero dúas Universidades aínda non se posicionaron e a USC xa iniciou este ano o curso ponte.

Non é posible recoller aquí todas as intervencións e propostas, pero todo o debate xerado estará recollido na acta da asemblea. Tamén de xeito resumido pódense consultar os acordos da asemblea nun documento dispoñible na web do colexio (sección O colexio / Asemblea Xeral Ordinaria 2010).

Neste mesmo espazo asembleario, xa fóra da orde do día, tivo lugar a primeira presentación oficial da que será a nova páxina web do Ceesg, co relatorio "Cara a unha web 2.0 para a Educación Social". Nesta presentación deuse a coñecer a nova imaxe da web, e explicáronse as súas funcionalidades e o seu funcionamento. Aínda que polo momento non está operativa na súa totalidade, esperamos que pronto poida publicarse e estar así ao servizo do Colexio e as súas colexiadas e colexiados.

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Escrito ao Concello de Caldas de Reis (Pontevedra), en relación coa oferta de emprego público anunciada no DOG de 17 de marzo, na que se ofertan sendos postos de Animador/a sociocultural (indicando como nivel de titulación graduado escolar, FP 1º grao ou equivalente) e Axente de igualdade (indicando como nivel de titulación bacharelato, FP 2º grao ou equivalente). Na carta, argumentase que para o adecuado desempeño dos postos mencionados é necesario que os profesionais dispoñan de coñecementos, habilidades e capacidades pedagóxicas e sociais que non se garanten suficientemente co nivel de titulación sinalado na oferta, e que o perfil profesional das educadoras/es sociais respondería adecuadamente ao que se debe requirir nestes postos.
- Participación na reunión do programa *Verifica* da ACSUG (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia), en Santiago de Compostela o día 14 de abril.
- Participación en directo en RadioVoz Galicia, nun programa especial sobre a Lei do Menor, co gallo do suceso ocorrido en Toledo, que se retransmitiu o día 6 de abril.
- Entrevista concedida por Mª José Fernández Barreiro, presidenta do Ceesg, ao xornal dixital La Voz Periodística.
- Asistencia ao Curso Introductorio de Coaching Profesional impartido polo Instituto Superior de Estudos en Coaching o día 21 de abril en A Coruña.
- En relación á Plataforma en defensa do sistema público galego de servizos sociais: asistencia á reunión da Comisión de Coordinación, o día 8 de abril en Santiago de Compostela, e asistencia á asemblea da Plataforma o día 29 de abril en Santiago de Compostela.
- Escrito dirixido á Dirección Xeral de Formación e Colocación, para solicitar a revisión e modificación dos requisitos para a docencia dos módulos do certificado de profesionalidade denominado *Atención sociosanitaria a persoas no domicilio*, para que as persoas tituladas ou habilitadas como educadoras/es sociais poidan impartir todos os módulos.
- Cita con varias traballadoras do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Redondela, para escoitar as súas solicitudes e establecer canles de colaboración.
- Desestimación do recurso de reposición interposto contra as bases específicas de convocatoria de consolidación de emprego temporal do Concello de Culleredo para cubrir un posto de Educador/a Social, publicadas no BOP de A Coruña de 4 de marzo de 2010, no que solicitabamos a admisión de persoas habilitadas en igualdade de condicións que as tituladas. Desestimábase por considerar as persoas habilitadas enténdense xa incluídas, aínda que non se mencionen expresamente.

ARTIGO DE INTERESE: 4ª Escola de Primavera

Achégase xa a 4ª edición da Escola de Primavera, que a partir deste ano será de periodicidade bianual. Despois de ter dedicado este encontro a temáticas como As metodoloxías de acción e participación socioeducativa, Educación Social e servizos sociais, e Cidadanía, escola e comunidade, centrarémonos, nesta ocasión, nas **Prácticas de informe e avaliación en Educación Social**.

Inaugurarase cun relatorio maxistral no que presentar as bases da avaliación e elaboración de informes. Máis tarde, a través das dúas mesas redondas amosarase unha visión ampla das prácticas profesionais desenvolvidas en diferentes ámbitos da Educación Social. Contaremos

tamén cunha mesa de expertos e expertas do contexto universitario na que afondar sobre a metodoloxía como guía para obter resultados. Para completar a Escola de Primavera, está previsto o desenvolvemento dun obradoiro sobre Teatro do Real.

O programa provisional xa está dispoñible na páxina web e irase actualizando a medida que se vaian pechando contidos.

O prazo de inscricións xa está aberto, ata o 27 de maio. Esperámoste.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



AVISOS IMPORTANTES:

➔ A finais do mes de xullo realizarase o cobro da cota de mantemento colexial do segundo semestre do 2010, que ascende ás seguintes cantidades, segundo o caso:

- COTA XERAL: **67,97 €**
- COTA BONIFICADA POR DESEMPREGO: **33,98 €**
- COTA BONIFICADA POR SALARIO INFERIOR AO SMI: **50,97 €**

As persoas que desexen beneficiarse das cotas bonificadas deben facer chegar ao Ceesg a documentación oportuna **antes do día 27 de xullo**. Se por calquera motivo algunha persoa non envía a documentación dentro deste prazo deberá contactar o antes posible co Ceesg para consultar como subsanar a situación. Neste caso, deberá correr cos gastos que se xeren por comisións de devolución e segunda emisión da cota.

➔ Do día 1 de xuño ao 30 de setembro a oficina do Ceesg comeza o **horario de verán**, polo que a atención ao público será de luns a venres de 8:00 a 15:00 h. Os días 13 e 14 de maio a oficina estará pechada por festividade local. Todas as incidencias de horario que se produzan por motivo de vacacións serán informadas na sección Avisos da web ceesg.org.

FORMACIÓN CONTINUA

I SIMPOSIO TÉCNICO SOBRE CENTROS DE DÍA XERONTOLÓXICOS Experiencias de Calidade en Boas Prácticas e Innovación

Organiza: Universidade de Vigo. Área de Psicobioloxía
Lugar: Vigo. Centro Social da Fundación Caixa Galicia
Data: 23 de xuño
Inscripción e información: Traballadores/as: 25€. Estudiantes, desempregadas/os e colexiados/as: 15€
Tlf. 986120514

Curso de verán: OS ESPAZOS DE VIDA COTIÁ, CONTEXTO E CONTIDO DA EDUCACIÓN SOCIAL NOS SERVIZOS SOCIAIS

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela
Lugar: Santiago de Compostela
Datas: 27 e 28 de xullo.
Inscripción e información: Xeral: 70€ Estudiantes ou persoas en desemprego: 40€. Abrirase o prazo por internet a partir do 25 de maio, presencial a partir do 15 de xuño. Toda a información estará dispoñible proximamente en www.usc.es/cultura/

VI XORNADAS INTERXERACIONAIS RURAIS Aprendendo cos nosos maiores

Organiza: Concello de Xermade, Asociación de Veciños de Cabreiros e Universidade de Santiago de Compostela
Lugar: Cabreiros-Xermade (Lugo)
Datas: Sábados 29 de maio e 5 e 12 de xuño
Inscripción: Todas as actividades son gratuítas. O primeiro día pola tarde os nenos e nenas terán que levar a súa merenda. Se quedan a aprender coas estrelas tamén deben traer algo para comer. Necesario enviar ficha de inscrición, ata o 27 de maio
Información: AA.VV. de Cabreiros
Tlf. 626672257 / 626720088 (de 19:00 a 22:00 h.)
jesus.rodriguez.rodriguez@usc.es
www.concellodexermade.com/xornadas.asp
Descrición: Variedade de actividades de interese para persoas de todas as idades (charlas de maiores, saúde, oficios, santa compañía, inmigración, visita ao museo de Monte Caxado e á Casa do Mel, teatro, astronomía na rúa, xogos populares...)

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Ourense: Apertura das listaxes de aspirantes as interinidades durante o mes de xuño de 2010, segundo o establecido nas bases publicadas no BOP de 10/06/08 e no anuncio no BOP de 02/02/10
Concello de Brión: Oferta de emprego público. Un posto de animador/a cultural. BOP 07/04/10
Concello de Culleredo: Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Tres postos de Educador/a Social. BOE de 26/04/10

OUTROS

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE): Resolución pola que se lle dá publicidade ás bases reguladoras das axudas do IGAPE aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores. DOG 08/04/10
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Orde pola que se convocan axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de pais de alumnos de centros de educación especial. DOG 13/04/10
Ministerio da Presidencia: Resolución pola que se convocan axudas para a realización de actuacións contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. BOE 13/04/10
Deputación de Lugo: Bases das subvencións destinadas a gastos correntes das actividades culturais realizadas por concellos da provincia de Lugo. BOP 23/04/10
Deputación de Lugo: Bases das subvencións destinadas a entidades asociativas da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural. BOP 23/04/10

Ministerio de Educación: Resolución pola que se convocan subvencións a entidades privadas sen fins de lucro para a realización de congresos e xornadas de difusión de actividades dirixidas á educación de persoas adultas no marco da aprendizaxe ao longo da vida. BOE 24/04/10
Universidade de A Coruña: Resolución pola que se publica o plan de estudos de Graduado en Educación Social. BOE 26/04/10
Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases do Programa para a promoción do emprego autónomo. DOG 28/04/10
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se regulan as bases das subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e coa prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. DOG 29/04/10
Ministerio de Educación: Resolución pola que se convocan os Premios Miguel Hernández, edición 2010. BOE 29/04/10
Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria e do programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo. DOG 30/04/10
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se regulan as bases para a concesión das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo e se procede á súa convocatoria. DOG 30/04/10

EMPREGO

EDUCADOR/A SOCIAL

Descrición: Precísase educador/a social para campamento de verán en centro educativo nos meses de xuño/xullo.
Requisitos:

- Educador/a Social
- Experiencia en ocio e tempo libre
- Dominio alto de inglés (oral)

Contacto:
Enviar curriculum a infocampamentos.campamentos@gmail.com

TÉCNICA/O VOCALÍA INTERNACIONAL

Convoca: CGCEES
Descrición: Traballará para a elaboración dun Estatuto Europeo do Educador/a Social que ha de permitir a circulación de profesionais
Lugar de traballo: Aragón ou Cataluña
Máis información:
Perfil requirido, tarefas, duración do contrato, salario, proceso de selección e forma e prazo de contacto poden consultarse na web do Ceesg (Sección Servizos/Taboleiro de emprego)